



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Biblioteconomía	Código	710G04004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Profesorado	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia constitúe unha introdución á Biblioteconomía e ás bibliotecas na contorna dixital. Os seus obxectivos son: -A comprensión e o coñecemento do papel das bibliotecas na sociedade, e o seu valor para as comunidades. -A comprensión e o coñecemento das funcións, procesos técnicos e servizos das bibliotecas. -A comprensión e o coñecemento dos distintos tipos de bibliotecas e as funcións das mesmas. -O desenvolvemento de habilidades informativas no uso e aproveitamento das bibliotecas. -A adquisición dunha formación profesional básica para a realización de tarefas profesionais nas bibliotecas.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes e de avaliación que se manteñen:</p> <p>-As sesións maxistras mantéñense por videoconferencia, no seu horario oficial, primando a aprendizaxe activa e participativa.</p> <p>-O portafolios do alumno mantense, os/as alumnos/as entregarán a través do Campus Virtual, periodicamente e no prazo estipulado, distintas actividades para o seguimento dos coñecementos adquiridos (cualificación: 50%). Estas actividades forman parte do traballo autónomo do alumnado, pero todas elas serán debatidas e correxidas conxuntamente entre a profesora e o alumnado nas clases por videoconferencia.</p> <p>-A proba mixta mantense, os/as alumnos/as traballarán de forma periódica en cuestionarios de avaliación (con preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación) sobre cada un dos temas analizados nas clases, que deberán completar a través de Forms e nun tempo establecido (cualificación: 50%). O alumnado pode e debe empregar e revisar toda a documentación relacionada cos temas da materia para dar resposta ás preguntas da proba.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: ningunha.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:</p> <p>3.1. Docencia virtual: Teams</p> <p>3.2. Contidos teóricos e prácticos da materia: Campus Virtual/Genially con enlace no Campus Virtual</p> <p>3.3. Entrega e corrección de actividades: Campus Virtual/Genially con enlace no Campus Virtual</p> <p>3.4. Cuestionarios de avaliación: Forms con enlace no Campus Virtual</p> <p>3.5. Titorías: Teams, Campus Virtual e correo electrónico da UDC</p> <p>4. Modificacións na avaliación: ningunha.</p> <p>*Observación da avaliación: para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo, é dicir, se un/unha alumno/a non supera o portafolios non se lle avaliará a proba mixta e viceversa. Para superar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo é preciso realizar nos tempos indicados todas as actividades propostas. O alumnado que non entregue ou no supere o portafolios completo e todos os cuestionarios, xunto co alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados de xeito síncrono en liña nos exames oficiais (primeira e segunda oportunidade) dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 100%), non podendo utilizar ningún material adicional (esta proba será supervisada por videoconferencia, a través de Teams).</p> <p>Os alumnos e alumnas que non poidan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar ao profesorado da materia tal circunstancia, ofrecendo unha motivación con suficiente antelación.</p> <p>A realización fraudulenta do cuestionario ou do traballo implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: ningunha.</p>
-----------------------------	---

## Competencias / Resultados do título

<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>
---------------	--

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento da Biblioteconomía no marco das Ciencias da Información e a súa relación con outras Ciencias Sociais	A1		
	A3		



Dominio do vocabulario e terminoloxía da materia	A1 A6		
Coñecemento do sistema galego e español de bibliotecas	A1 A3 A6		
Formación de profesionais que poden desenvolver as súas funcións en bibliotecas e noutras unidades de información	A4	B2 B5 B6 B8 B9	C6 C8
Desenvolvemento de habilidades informativas no uso dos recursos das bibliotecas e doutras unidades de información	A18 A19	B11	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo 1. Biblioteconomía e Ciencias da Información	Tema 1. Concepto de Biblioteca. A Biblioteconomía e as súas relacións con outras disciplinas
Módulo 2. Os procesos técnicos nas bibliotecas	Tema 2. As coleccións: introdución á formación e organización Tema 3. O catálogo
Módulo 3. Servizos das bibliotecas	Tema 4. Servizos de consulta e préstamo Tema 5. Servizos de información e formación de usuarios. A alfabetización informacional Tema 6. A web institucional e a creación de contidos. Contidos dixitais: modelos institucionais e participativos (crowdcontent)
Módulo 4. Tipoloxía de bibliotecas	Tema 7. Bibliotecas públicas e escolares Tema 8. Bibliotecas universitarias e especializadas Tema 9. Bibliotecas nacionais
Módulo 5. Cooperación, sistemas e redes bibliotecarias	Tema 10. Sistemas bibliotecarios. O sistema bibliotecario español e galego. Redes e consorcios de bibliotecas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A6 B6 B8 B9 C2 C6 C8	25	47	72
Proba mixta	A4 B2 B5	2	47	49
Sesión maxistral	A1 A3 A18 A19 B11	25	0	25
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Carpeta de traballo do alumnado que debe entregar periodicamente e no prazo estipulado á profesora coas distintas actividades plantexadas: resumos e análises de lecturas, exercicios prácticos, reflexións críticas e estudos de caso.
Proba mixta	Proba que pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación sobre os contidos teóricos e prácticos da materia para a avaliación dos coñecementos adquiridos.



Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os coñecementos fundamentais da materia e facilitar a aprendizaxe. Fundamentarase na exposición de contidos teóricos, a visualización de exemplos e a resolución de dúbidas por parte da profesora.
------------------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Portafolios do alumno Proba mixta	Resolver dúbidas, ampliar formulacións, suxerir actividades e distintas formas de traballo que axuden ao alumnado na súa aprendizaxe. Motivar á participación. Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos/as alumnos/as.  Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada a aquel alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A6 B6 B8 B9 C2 C6 C8	Valórase a adecuación do traballo do alumnado aos temas propostos para cada actividade, o contido, con especial interese nas achegas do alumnado, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación. En cada unha das actividades valórase, polo tanto, a capacidade de análise e resolución de problemas, as habilidades informativas e a expresión oral e escrita. Ademais do esforzo e dedicación demostrados polo alumnado.  Entregarase cada actividade na data indicada pola profesora.  Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo ou aquelas que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	50
Proba mixta	A4 B2 B5	Cuestionarios de avaliación de cada tema da materia:  Avalíanse o número de erros e acertos de cada cuestionario. No caso das preguntas de resposta breve ademais os contidos das mesmas: a adecuación ás preguntas realizadas, a capacidade de argumentación, o emprego da terminoloxía, a expresión escrita, a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), a creatividade e o espírito crítico.  Os/as alumnos/as deberán revisar e razoar previamente todo o contido da documentación relacionada cos temas/subtemas da materia para dar resposta a cada cuestionario, podendo empregar dita documentación para a súa realización.  Os cuestionarios deberán completarse de xeito síncrono en liña, a través de Forms, e nun tempo determinado. Fóra do tempo establecido non serán avaliados.	50

## Observacións avaliación



Requisitos imprescindibles:-Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un/unha alumno/a non supera o portafolios non se lle avaliará a proba mixta e viceversa.-Para superar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo é preciso realizar nos tempos indicados todas as actividades propostas. -O alumnado que non entregue ou non supere o portafolios completo e todos os cuestionarios, xunto co alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados nos exames oficiais (primeira e segunda oportunidade) dos contidos teóricos e prácticos da materia (cualificación: 100%), non podendo utilizar ningún material adicional.-A realización fraudulenta dos cuestionarios ou do portafolios implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación.

## Fontes de información

<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios. Málaga: Asociación Andaluza de Bibliotecarios, 1984-Boletín de ANABAD. Madrid: Asociación Nacional de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, 1950-Carrión Gutiez, Manuel. Manual de bibliotecas. 2ª ed., 3ª reimp. Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2001Cuevas, Aurora; Simeão, Elmira (coords.). Alfabetización informacional e inclusión digital: hacia un modelo de infoinclusión social. Gijón: Trea, 2011Drake, Miriam A., ed. Encyclopedia of library and information science. 2nd. ed. New York: Marcel Dekker, [2003-2005]Fernández y Fernández-Cuesta, Paz. Bibliotecas y personas: hacia un nuevo enfoque en biblioteconomía. Gijón: Trea, 2005 García Martínez, Ana Teresa. Sistemas bibliotecarios: análisis conceptual y estructural. Oviedo: Trea, D.L. 2006Gimeno Perelló, Javier; López López, Pedro; Morillo Calero, Mª Jesús (coords.). De volcanes llena: biblioteca y compromiso social. Gijón: Trea, D.L. 2007López Gómez, Pedro; Santos Paz, José Carlos (eds.). Guía para bibliotecas escolares. A Coruña: Universidade da Coruña, 2009López López, Pedro; Gimeno Perelló, Javier (coords.). Información, conocimiento y bibliotecas en el marco de la globalización neoliberal. Gijón: Trea, D.L. 2005Lozano Díaz, Roser. La biblioteca pública del siglo XXI: atendiendo clientes, movilizandolos personas. Gijón: Trea, D.L. 2006Magán Wals, José Antonio (coord.). Tratado básico de biblioteconomía. 4ª ed. rev. y act. Madrid: Universidad Complutense, 2002Magán Wals, José Antonio (coord.). Temas de biblioteconomía universitaria y general. Madrid: Editorial Complutense, [2002]Martínez de Sousa, José. Diccionario de bibliología y ciencias afines. 3ª ed. corr. y notablemente aum. Gijón (Asturias): Trea, [2004]Merlo Vega, José Antonio. (2012). Acción ante la recesión: el compromiso de las bibliotecas con los ciudadanos [En línea]. En: Boletín de la Asociación Andaluza de Bibliotecarios [En línea], n. 104, Julio-Diciembre, pp. 65-91.Mouren, Rapjaële et Peignet, Dominique. Le Métier de bibliothécaire. 10è ed. [S.l.]: Editions du Cercle de la Librairie, cop. 2003Orera Orera, Luisa (ed.). Manual de Biblioteconomía. 3ª reimp. Madrid: Síntesis, 2002Orera Orera, Luisa (ed.). La biblioteca universitaria análisis en su entorno híbrido. Madrid: Síntesis, [2005].Pérez Pulido, Margarita; Herrera Morillas, José Luis. Teoría y nuevos escenarios de la biblioteconomía. 2ª ed. aum. Buenos Aires: Alfagrama, 2006Saorín Pérez, Tomás; Mª Verónica de Haro de San Mateo (coords.). Contenidos digitales locales: modelos institucionales y participativos. Madrid: Arco Libros, 2011Seminaro Internacional La Biblioteca un agente social para el desarrollo de la lectura. Santiago (Chile). 2013: La Biblioteca un agente social para el desarrollo de la lectura. Santiago: Embajada de España, 2014. Disponible en: <a 238="" 48="" 858="" 890"="" href="http://www.google.es/url?sa=t&amp;rct=j&amp;q=&amp;esrc=s&amp;source=web&amp;cd=1&amp;ved=0CCIQFjAA&amp;url=http%3A%2F%2Fwww.aecid.es%2FCentro-Documentacion%2FDocumentos%2FPublicaciones%2520coeditadas%2520por%2520AECID%2FLibro_Digital_Semin_Bibliotecologia%2520%252015%252004%25202014%2520reduc.pdf&amp;ei=CSaNVcmuIPWU4iXlBg&amp;usg=AFQjCNFtwW5OT-Mzf05TnDXGKnIWubpldw&amp;bvm=bv.96782255,d.d24Stueart, Robert D. International librarianship: a basic guide to global knowledge Access. Lanham (Maryland): Scarecrow, 2007&lt;/a&gt;&lt;/p&gt; &lt;/td&gt; &lt;/tr&gt; &lt;tr&gt; &lt;td data-bbox="> <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> </a></p>	<p>A profesora proporcionará nas clases e no material de traballo bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.</p>
-----------------------------------	--	--

## Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Xestión e Planificación de Bibliotecas/710G04017
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías